

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDAD INTERCONTINENTAL DE LA EMPRESA PARA O RECOÑECIMENTO DA CORRESPONDENCIA ENTRE CICLOS FORMATIVOS DA FORMACIÓN PROFESIONAL E MATERIAS DE ESTUDOS UNIVERSITARIOS

REUNIDOS

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia, en representación desta e de conformidade co Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e o Decreto 44/2024, de 14 de abril, polo que se nomea aos titulares das consellerías da Xunta de Galicia, e demais normativa de aplicación.

E doutra, D. Miguel Ángel Escotet Álvarez, reitor magnífico da Universidad Intercontinental de la Empresa –"UIE", no sucesivo--, en representación da mesma en virtude da escritura de poder ao seu favor outorgada polo seu Padroado o 17 de xaneiro de 2019 e elevada a público o 11 de novembro de 2021 ante o Notario da Coruña D. Isidoro Calvo Vidal, protocolo 903; a cal ten N.I.F. G 70577747 e enderezo social en Rúa Nova 33, 15705, Santiago de Compostela.

Interveñen ambos en función dos seus respectivos cargos no exercicio das facultades que en nome das entidades que representan teñen conferidas e



EXPOÑEN

1.- Que a Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, no seu artigo 3 reconece a autonomía das universidades e no punto 2, apartados g) e l), establece que, nos termos desta lei, a autonomía das universidades comprende e require a admisión do estudantado, a verificación de coñecementos, competencias e habilidades e a elaboración e aprobación de plans de estudo conducentes á obtención de títulos universitarios oficiais de Grao ou de Máster Universitario, ou que conduzan á obtención de títulos propios.

2.- Que a Lei Orgánica 3/2022, do 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional establece no artigo 49.1.a) que as administracións educativas e as universidades promoverán o recoñecemento mutuo de créditos ECTS entre os ensinos de formación profesional de grao superior e os títulos oficiais de grao para facilitar o establecemento de itinerarios formativos que recoñezan a formación previamente adquirida en ambos sentidos.

Asemade, o referido apartado do dito artigo, letra b), establece que as administracións educativas e as universidades promoverán a colaboración entre os centros que impartan ensinos de formación profesional de grao superior do sistema educativo non universitario e as universidades, co obxecto de desenvolver novos modelos de relación entre a universidade, a formación profesional e os organismos agregados, co fin de xerar transferencia de coñecemento e experiencia, crear innovación e optimizar recursos, e, a tal efecto, o desenvolvemento de proxectos de actuación conxuntos entre os centros de formación profesional que impartan ciclos formativos de grao superior e a universidade para a xeración de contornas integradas de traballo conxunto entre os diferentes ensinos da educación superior.

3.- Que a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, na redacción dada pola Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, determina no seu artigo 44.3 que os alumnos e as alumnas que superen os ciclos formativos de grao superior da formación profesional obterán o título de Técnico ou Técnica Superior. O devandito título permitirá o acceso, previa superación dun procedemento de admisión, aos estudos universitarios de grao, así como aos recoñecementos dos créditos universitarios que correspondan.



4.- Que o Real Decreto 659/2023, do 18 de xullo, polo que se desenvolve a ordenación do Sistema de Formación Profesional, establece no seu artigo 130, apartado 1, que o recoñecemento de estudos entre títulos de técnico ou técnica superior de formación profesional e títulos universitarios oficiais de Grao realizarase en termos de créditos ECTS; indicando, no apartado 2, que o recoñecemento entre ensinos de Formación Profesional de grao superior e ensinos universitarios oficiais será mutuo e que se producirá para cursar estudos universitarios oficiais de Grao cando se posúa un título de técnico ou técnica superior de formación profesional.

O apartado 5 do dito artigo establece, nos termos do mesmo, que continuará vixente a posibilidade de recoñecemento de créditos de educación superior entre títulos de Técnico Superior de Formación Profesional e títulos universitarios oficiais de Grao, resultante da relación entre os plans de estudo e currículos respectivos.

5.- Que o Real Decreto 1618/2011, do 14 de novembro, sobre recoñecemento de estudos no ámbito da Educación Superior establece o réxime de recoñecemento de estudos entre as iferentes ensinanzas que constitúen a educación superior.

6.- Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e UIE no ámbito das súas competencias educativas, teñen a vontade de promover a continuación de estudos universitarios aos titulados e tituladas técnicos superiores de formación profesional e recoñecerlles a formación adquirida no ciclo formativo superior que teñan cursado, conforme á normativa referida nos expositivos anteriores.

7.- Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia, a quen lle corresponde a planificación ordenación, dirección e execución das competencias atribuídas á Comunidade Autónoma en materia de universidades, e de acordo coas anteriores manifestacións, ten a vontade de continuar con esta experiencia, iniciada no curso 2004-2005, e incorporar a novas titulacións universitarias de grao, que serán obxecto de recoñecemento de créditos e materias para ou presente curso académico ou o que concrete coa UIE.

8.- Que sen prexuízo de que, de conformidade coa autonomía universitaria constitucionalmente garantida e ca normativa aplicable, o recoñecemento de créditos e materias corresponde á universidade no marco do procedemento regrado e da súa normativa académica, o presente convenio atopa a súa xustificación legal na



articulación dun marco de cooperación institucional orientado a favorecer a transparencia e a información xeral ao público sobre as correspondencias entre determinados ciclos formativos de grao superior e materias de títulos universitarios oficiais.

9.- Que neste sentido, a Consellería difundirá e publicará con carácter previo ditas correspondencias polos canles institucionais que resulten axeitados, co fin de facilitar a orientación académica e profesional do estudantado e das persoas interesadas, promover a planificación de itinerarios formativos e a continuidade de traxectorias educativas, reforzar a coherencia e previsibilidade na transición da formación profesional á universidade, e contribuír á igualdade de acceso á información e á mellora da eficiencia administrativa.

En consecuencia, as entidades asinantes, de conformidade co exposto, formalizan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio.

O obxecto deste convenio é o recoñecemento da correspondencia entre ciclos formativos de grao superior da formación profesional e materias de estudos universitarios que se imparten na UIE, conforme ao establecemento das equivalencias recollidas no anexo.

Segunda. Estudos implicados.

Os estudos implicados no recoñecemento serán os indicados no anexo.

Terceira. Aplicación dos recoñecementos.

Os recoñecementos serán de aplicación ás persoas tituladas técnicas superiores dos ciclos formativos, procedentes de calquera centro de ensino de Galicia (ou doutra comunidade autónoma, sempre que o currículo sexa coincidente) e que accedan ou estean cursando os estudos universitarios referidos no Anexo nos centros docentes da UIE.

Todo isto respectando o proceso xeral de inscrición universitaria, e unha vez que acadaran o acceso á universidade.



Cuarta. Desenvolvemento dos recoñecementos.

UIE recoñecerá créditos dos estudos universitarios en virtude de cada ciclo formativo, aos titulados e as tituladas nos ciclos formativos de grao superior que se correspondan, segundo o establecido no anexo.

Na aplicación deste recoñecemento haberase de ter en conta que:

- a) O alumnado devindicará os custes do ámbito académico a favor de UIE que correspondan.
- b) A cualificación das materias obxecto de recoñecemento será a nota media obtida polo alumno ou alumna no ciclo formativo.

Quinta. Actuacións das partes

Corresponderalle á Consellería:

- a) Publicar, polos canles institucionais que resulten axeitados, as correspondencias recollidas no anexo do convenio.
- b) Difundir a información relativa ás correspondencias e ao marco xeral do convenio no ámbito da orientación académica e profesional, co fin de favorecer a transparencia, a igualdade de acceso á información e a planificación de itinerarios formativos, sen prexuízo das competencias dos centros e da universidade.
- c) Facilitar á UIE, cando esta o solicite e de acordo coa normativa aplicable, información xeral e pública sobre a ordenación e os currículos vixentes dos ciclos formativos de grao superior que resulten relevantes para a actualización das correspondencias, así como comunicar modificacións normativas de incidencia directa.
- d) Participar na Comisión de seguimento nos termos establecidos na cláusula oitava, promovendo a súa convocatoria e funcionamento ordinario.

Corresponderalle á UIE:

- a) Tramitar e resolver as solicitudes individuais de recoñecemento de créditos e materias conforme ao procedemento e normativa aplicables e á súa normativa académica, garantindo a motivación, publicidade interna e rexistro das resolucións que procedan.



b) Manter accesible, polos seus canles institucionais, información básica sobre o convenio e sobre o procedemento de solicitude e resolución do recoñecemento, incluíndo referencia á publicación institucional realizada pola Consellería e ao carácter non automático das correspondencias.

c) Emitir, a través do órgano competente en materia de recoñecementos, os informes técnicos necesarios para xustificar propostas de actualización do anexo, cando proceda, e sometelos á Comisión de seguimento para os efectos previstos no convenio.

d) Facilitar á Comisión de seguimento, con periodicidade anual e en termos agregados (sen datos persoais), información sobre a aplicación xeral das correspondencias (número de solicitudes, recoñecementos estimados/desestimados e incidencias relevantes), exclusivamente para fins de mellora e actualización.

Actuacións conxuntas:

Coa finalidade de afondar nos mecanismos de cooperación que reforcen esta iniciativa, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e UIE establecerán liñas de actuación que faciliten o intercambio de recursos formativos e metodolóxicos e o acceso aos fondos bibliográficos e de información técnica.

As partes colaborarán no intercambio de información técnica imprescindible para a actualización das correspondencias e na resolución de incidencias interpretativas sobre o contido do convenio, sen que esa colaboración poida entenderse como alteración do réxime de competencias nin como substitución do procedemento individual de recoñecemento.

Sexta. Difusión.

As partes comprométense a difundir esta experiencia de recoñecemento das correspondencias entre os ciclos formativos de grao superior e materias dos estudos universitarios, tanto a nivel institucional como nos centros educativos, informando aos estudantes e ás estudantes que posúan os requisitos para acceder a estes itinerarios formativos.

Sétima. Implantación



Os recoñecementos de créditos e materias aos que se refire o presente convenio implementaranse no presente curso académico ou no que concreten as partes.

O seu contido tamén se aplicará aos e ás estudantes que iniciaran os seus estudos en cursos anteriores e que estean matriculados nas materias correspondentes nese curso, sempre con posterioridade á solicitude de recoñecemento por parte do ou da estudante.

O recoñecemento de créditos e materias realizarase sempre logo de solicitude da persoa interesada, conforme ao procedemento establecido nos artigos 7 e 8 do Real decreto 1618/2011, do 14 de novembro, e á normativa académica da UIE.

O anexo non obsta á comprobación en cada expediente de que concorren os requisitos exixibles e de que se manteñen vixentes os plans de estudo e currículos que sustentan as correspondencias.

Oitava. Comisión de seguimento

Constitúese unha Comisión Mixta para o Seguimento das Equivalencias, integrada por dúas persoas representantes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e dúas persoas representantes por parte da UIE.

A presidencia deste órgano corresponderá a unha das persoas integrantes en representación da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

A participación da Consellería na Comisión exercerase a través de:

- A persoa titular da dirección xeral responsable da formación profesional, ou a persoa quen esta designe.
- A persoa titular da subdirección xeral de cualificacións, planificación e xestión da formación profesional, ou a persoa quen esta designe.

Entre as funcións da Comisión atópase a análise e, se procede, a proposta de actualizacións do anexo, á vista de posteriores modificacións de currículos, plans de estudo, cambios normativos ou experiencia da aplicación do convenio.

Así mesmo, corresponderalle facer o seguimento das incidencias que poidan



producirse durante a aplicación e execución deste convenio, mediante as seguintes actuacións:

- a) Supervisar a execución do convenio, adoptando as decisións e ditando as instrucións precisas para garantir a adecuada realización das actuacións acordadas, incluíndo, para este efecto, a resolución en primeira instancia das posibles controversias sobre a interpretación ou cumprimento dos convenios asinados.
- b) Informar ás partes dos atrasos ou incidencias que poidan producirse durante a execución do convenio e, de ser o caso, propoñer as actualizacións ou modificacións das anualidades que resulten necesarias como consecuencia deses atrasos.

A Comisión Mixta poderá ser convocada cantas veces o consideren oportuno as partes asinantes.

Deberá redactarse acta de todos os acordos relevantes adoptados, e remitirse copia das actas, informes ou resolucións que se produzan no exercicio das súas funcións a todas as entidades representadas.

En todo o non previsto expresamente nesta cláusula, aplicarase o disposto na sección terceira, capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Novena. Modificación.

As partes comprométense a avanzar na análise e na aplicación do recoñecemento de correspondencias entre outros ciclos formativos de grao superior de formación profesional e outros estudos universitarios de grao que se impartan en UIE.

Para a modificación dos recoñecementos establecidos no anexo, esixirase informe da comisión ou órgano correspondente con competencias en recoñecementos do centro correspondente de UIE.

Décima. Protección de datos

Cada unha das partes comprométese a cumprir, no ámbito de execución do presente Convenio, coas obrigas e deberes que respectivamente lles correspondan, de conformidade co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que



respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía de Dereitos Dixitais na demais normativa vixente na materia.

Os datos persoais dos asinantes do presente Convenio en nome e representación das Partes intervincentes e das persoas de contacto de cada unha das Partes que, no seu caso, poidan ser facilitados ás outras Partes, serán tratados coa finalidade de xestionar e executar o devandito convenio.

A base xurídica para o tratamento de tales datos atópase no interese lexítimo das Partes en garantir o correcto desenvolvemento e execución da relación xurdida con motivo deste Convenio.

Asemade, infórmase que os datos persoais referidos antes poderán ser comunicados, no seu caso, aos organismos competentes das Administracións Públicas, nos termos establecidos na normativa vixente, exclusivamente no caso de que dita comunicación de datos resulte precisa para o cumprimento de obrigas legais aplicables ás Partes.

Os referidos datos persoais conservaranse durante a vixencia da relación de colaboración e, posteriormente, sempre que non se exercitase o dereito de supresión, durante o prazo de dez anos. En concreto, os datos persoais que sirvan como xustificante da colaboración establecida e/ou do cumprimento de obrigas legais derivadas da mesma, serán conservados, debidamente bloqueados, durante o prazo de dez anos.

Os interesados poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade como segue:

- UIE: dirixíndose á mesma por escrito, indicando referencia "Protección de Datos" e o concreto dereito a exercer na dirección rgpd@uie.edu.

- Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia: mediante os procedementos dispoñibles a través de <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>

Así mesmo, infórmase aos interesados que poden presentar calquera reclamación ou solicitude relacionada coa protección dos seus datos persoais ante a Axencia Española



de Protección de Datos (<http://www.aepd.es>) en caso de considerar vulnerados os seus dereitos.

As partes comprométense a adoptar as medidas técnicas e organizativas necesarias para garantir a seguridade dos datos persoais obxecto de tratamento.

Décimo primeira. Publicidade.

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas dimanantes da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

As partes asinantes darán cumprimento ao disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia. Para tal fin, o texto íntegro do convenio publicarase no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia e inscribirase no Rexistro de Convenios, incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Décimo segunda. Vixencia do convenio.

O convenio, tendo en conta o artigo 49 de Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, entra en vigor na data da súa sinatura, sen prexuízo da súa publicación no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, con efectos desde o presente curso académico ou do que as partes concreten, e terá unha vixencia de catro anos, podendo prorrogarse, por acordo das partes, mediante a addenda correspondente.

Esta addenda terá unha vixencia máxima de catro anos e asinarase antes do remate do prazo de vixencia inicial do convenio. Non obstante, o convenio poderá denunciarse por calquera das partes; neste caso, a denuncia deberá realizarse por escrito con dous meses de antelación á data na que se queira poñer fin á relación entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Xunta de Galicia e UIE prevista neste documento.

En calquera momento antes do remate do prazo establecido de catro anos, as partes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de até catro anos adicionais, ou a súa extinción.

As actuacións en curso de execución deberán finalizarse en función das



correspondencias establecidas no Anexo e, en todo caso, con anterioridade ao comezo do curso seguinte.

Décimo terceira. Causas de resolución

Serán causas de resolución do convenio as previstas no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, e, en particular:

- a) O transcurso do prazo de vixencia sen acordarse prórroga.
- b) O acordo unánime das partes.
- c) A denuncia unilateral, nos termos previstos na cláusula Décimo segunda.
- d) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes.
- e) A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- f) Calquera outra causa legalmente prevista.

No suposto de incumprimento, calquera das partes poderá requirir á parte incumpridora para que, nun prazo determinado, cumpra as obrigas ou compromisos que se consideren incumpridos. Se persistise o incumprimento, comunicárase á outra parte a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

Dada a inexistencia de compromisos económicos asumidos no convenio, con carácter xeral non se prevé indemnización. Non obstante, se o incumprimento ocasionase danos e prexuízos certos, avaliábelos e imputábelos, poderá esixirse a súa reparación conforme ao ordenamento xurídico.

A resolución do convenio non afectará ás actuacións en curso de execución xa iniciadas, que deberán finalizarse nos termos previstos na cláusula Décimo segunda, salvo que as partes acorden outra cousa motivadamente.

Décimo cuarta. Carácter administrativo do convenio.

Este convenio ten carácter administrativo e formalízase ao abeiro do previsto nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e do disposto no decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia. En consecuencia, queda excluído do ámbito de



aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no seu artigo 6.1, sen prexuízo da aplicación dos principios deste lei para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que puideran xurdir na súa aplicación e non puidesen ser solucionadas no seo da comisión de seguimento, serán resoltas pola xurisdición contenciosa-administrativa.

Décimo quinta. Réxime de modificación

A modificación do presente convenio requirirá acordo unánime das partes, segundo o disposto no artigo 49. g) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

E en proba de conformidade co exposto, as partes asinan este convenio na data indicada na sinatura.

O Conselleiro de Educación, Ciencia,

O Reitor de UIE,

Universidades e Formación Profesional

Excelentísimo señor

Profesor doutor

don Román Rodríguez González

don Miguel Ángel Escotet Álvarez



ANEXO
FACULTADE DE ADMINISTRACIÓN DE EMPRESAS E DEREITO
Grao en Administración e Dirección de Empresas (ADE)

Ciclos de grao superior	Tipo de materia	Materia e créditos recoñecidos	ECTS
Administración de sistemas informáticos en rede	1. Formación Básica 2. Optativa	1. Ciencias da Computación e Programación (1º curso) 2. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	24
Animacións 3D, xogos e contornos interactivos	1. Formación Básica 2. Optativa	1. Ciencias da Computación e Programación (1º curso) 2. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	24
Automatización e robótica industrial	1. Formación Básica 2. Optativa	1. Ciencias da Computación e Programación (1º curso) 2. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	24
Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma	1. Formación Básica 2. Optativa	1. Ciencias da Computación e Programación (1º curso) 2. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	24
Desenvolvemento de aplicacións web	1. Formación Básica 2. Optativa	1. Ciencias da Computación e Programación (1º curso) 2. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	24
Mantemento electrónico	1. Optativa	1. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	18
Sistemas de telecomunicacións e informáticos	1. Optativa	1. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	18
Programación da produción en fabricación mecánica	1. Formación Básica 2. Optativa	1. Ciencias da Computación e Programación (1º curso) 2. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	24
Administración e finanzas	1. Obrigatoria 2. Formación Básica 3. Obrigatoria 4. Obrigatoria 5. Optativa	1. Contabilidade (2º curso) 2. Márketing (2º curso) 3. Xestión de RRHH (2º curso) 4. Xestión Financeira (2º curso) 5. Módulo Libre Elección (12 ECTS)	36
Asistencia á dirección	1. Formación Básica 2. Obrigatoria 3. Optativa	1. Márketing (2º curso) 2. Xestión de RRHH (2º curso) 3. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	30
Comercio Internacional	1. Formación Básica 2. Obrigatoria 3. Optativa	1. Márketing (2º curso) 2. Xestión Financeira (2º curso) 3. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	30
Márketing e publicidade	1. Formación Básica 2. Obrigatoria 3. Optativa	1. Márketing (2º curso) 2. Xestión Financeira (2º curso) 3. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	30
Transporte e loxística	1. Formación Básica 2. Obrigatoria 3. Optativa	1. Operacións, Loxística e Producción (2º curso) 2. Xestión Financeira (2º curso) 3. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	30
Xestión de vendas e espazos comerciais	1. Formación Básica 2. Obrigatoria 3. Optativa	1. Márketing (2º curso) 2. Xestión Financeira (2º curso) 3. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	30
Outros ciclos formativos	1. Optativa	1. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	18



Grao en Administración de Negocios Dixitais (AND)

Ciclos de grao superior	Tipo de materia	Materia e créditos recoñecidos	ECTS
Administración de sistemas informáticos en rede	1. Formación Básica 2. Optativa	1. Ciencias da Computación e Programación (1º curso) 2. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	24
Animacións 3D, xogos e contornos interactivos	1. Formación Básica 2. Optativa	1. Ciencias da Computación e Programación (1º curso) 2. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	24
Automatización e robótica industrial	1. Formación Básica 2. Optativa	1. Ciencias da Computación e Programación (1º curso) 2. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	24
Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma	1. Formación Básica 2. Optativa	1. Ciencias da Computación e Programación (1º curso) 2. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	30
Desenvolvemento de aplicacións web	1. Formación Básica 2. Obrigatoria 3. Optativa	1. Ciencias da Computación e Programación (1º curso) 2. Aplicacións web, aplicacións móbiles e dixitalización do retail (3º curso) 3. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	30
Mantemento electrónico	1. Optativa	1. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	18
Sistemas de telecomunicacións e informáticos	1. Optativa	1. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	18
Programación da produción en fabricación mecánica	1. Formación Básica 2. Optativa	1. Ciencias da Computación e Programación (1º curso) 2. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	24
Administración e finanzas	1. Formación Básica 2. Obrigatoria 3. Obrigatoria 4. Optativa	1. Márketing (2º curso) 2. Xestión de RRHH (2º curso) 3. Xestión Financeira (2º curso) 4. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	36
Asistencia á dirección	1. Formación Básica 2. Obrigatoria 3. Optativa	1. Márketing (2º curso) 2. Xestión de RRHH (2º curso) 3. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	30
Comercio Internacional	1. Formación Básica 2. Obrigatoria 3. Optativa	1. Márketing (2º curso) 2. Xestión Financeira (2º curso) 3. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	30
Márketing e publicidade	1. Formación Básica 2. Obrigatoria 3. Obrigatoria 4. Optativa	1. Márketing (2º curso) 2. Xestión Financeira (2º curso) 3. Márketing Dixital (2º curso) 4. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	36
Transporte e loxística	1. Formación Básica 2. Obrigatoria 3. Optativa	1. Operacións, Loxística e Producción (2º curso) 2. Xestión Financeira (2º curso) 3. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	30
Xestión de vendas e espazos comerciais	1. Formación Básica 2. Obrigatoria 3. Obrigatoria 4. Optativa	1. Márketing (2º curso) 2. Xestión Financeira (2º curso) 3. Márketing Dixital (1º curso) 4. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	36
Outros ciclos formativos	1. Optativa	1. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	18



Grao en Dereito con mención en Dereito da Empresa e Economía Dixital

Ciclos de grao superior	Tipo de materia	Materia e créditos recoñecidos	ECTS
Administración de sistemas informáticos en rede	1. Formación Básica 2. Optativa	1. Ciencias da Computación e Programación (1º curso) 2. Módulo Libre Elección (12 ECTS)	18
Animacións 3D, xogos e contornos interactivos	1. Formación Básica 2. Optativa	1. Ciencias da Computación e Programación (1º curso) 2. Módulo Libre Elección (12 ECTS)	18
Automatización e robótica industrial	1. Formación Básica 2. Optativa	1. Ciencias da Computación e Programación (1º curso) 2. Módulo Libre Elección (12 ECTS)	18
Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma	1. Formación Básica 2. Optativa	1. Ciencias da Computación e Programación (1º curso) 2. Módulo Libre Elección (12 ECTS)	18
Desenvolvemento de aplicacións web	1. Formación Básica 2. Optativa	1. Ciencias da Computación e Programación (1º curso) 2. Módulo Libre Elección (12 ECTS)	18
Mantemento electrónico	1. Optativa	1. Módulo Libre Elección (12 ECTS)	12
Sistemas de telecomunicacións e informáticos	1. Optativa	1. Módulo Libre Elección (12 ECTS)	12
Programación da produción en fabricación mecánica	1. Formación Básica 2. Optativa	1. Ciencias da Computación e Programación (1º curso) 2. Módulo Libre Elección (12 ECTS)	18
Administración e finanzas	1. Formación Básica 2. Formación Básica 3. Obrigatoria 4. Optativa	1. Fundamentos e Configuración do Dereito (1º curso) 2. Dereito Empresarial (1º curso) 3. Xestión Financeira (2º curso) 4. Módulo Libre Elección (12 ECTS)	30
Asistencia á dirección	1. Formación Básica 2. Optativa	1. Fundamentos e Configuración do Dereito (1º curso) 2. Módulo Libre Elección (12 ECTS)	18
Comercio Internacional	1. Formación Básica 2. Formación Básica 3. Obrigatoria 4. Optativa	1. Fundamentos e Configuración do Dereito (1º curso) 2. Dereito Empresarial (1º curso) 3. Xestión Financeira (2º curso) 4. Módulo Libre Elección (12 ECTS)	30
Márketing e publicidade	1. Formación Básica 2. Formación Básica 3. Obrigatoria 4. Optativa	1. Fundamentos e Configuración do Dereito (1º curso) 2. Dereito Empresarial (1º curso) 3. Xestión Financeira (2º curso) 4. Módulo Libre Elección (12 ECTS)	30
Transporte e loxística	1. Obrigatoria 2. Optativa	1. Xestión Financeira (2º curso) 2. Módulo Libre Elección (12 ECTS)	18
Xestión de vendas e espazos comerciais	1. Obrigatoria 2. Formación Básica 3. Optativa	1. Xestión Financeira (2º curso) 2. Márketing Dixital (2º curso) 3. Módulo Libre Elección (12 ECTS)	24
Outros ciclos formativos	1. Optativa	1. Módulo Libre Elección (12 ECTS)	12



FACULTADE DE ENXEÑERÍA E TECNOLOXÍA EMPRESARIAL
Grao en Enxeñería en Sistemas Intelixentes (GISI)

Ciclos de grao superior	Tipo de materia	Materia e créditos recoñecidos	ECTS
Administración de sistemas informáticos en rede	1 Formación Básica 2. Optativa	1. Ciencias da Computación e Programación (1º curso) 2. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	24
Animacións 3D, xogos e contornos interactivos	1 Formación Básica 2. Obrigatoria 3. Optativa	1. Ciencias da Computación e Programación (1º curso) 2. Computación Gráfica (3º curso) 3. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	30
Automatización e robótica industrial	1. Formación Básica 2. Obrigatoria 3. Optativa	1. Ciencias da Computación e Programación (1º curso) 2. Computación Gráfica (3º curso) 3. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	30
Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma	1. Formación Básica 2. Optativa	1. Ciencias da Computación e Programación (1º curso) 2. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	24
Desenvolvemento de aplicacións web	1. Formación Básica 2. Optativa	1. Ciencias da Computación e Programación (1º curso) 2. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	24
Mantemento electrónico	1. Optativa	1. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	18
Sistemas de telecomunicacións e informáticos	1. Optativa	1. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	18
Programación da produción en fabricación mecánica	1. Formación Básica 2. Obrigatoria 3. Optativa	1. Ciencias da Computación e Programación (1º curso) 2. Tecnoloxías de Automatización e Robotización Empresarial (3º curso) 3. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	30
Transporte e loxística	1. Optativa	1. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	18
Outros ciclos formativos	1. Optativa	1. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	18



Grao en Enxeñaría da Empresa (GIE)

Ciclos de grao superior	Tipo de materia	Materia e créditos recoñecidos	ECTS
Administración de sistemas informáticos en rede	1. Formación Básica 2. Optativa	1. Ciencias da Computación e Programación (1º curso) 2. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	24
Animacións 3D, xogos e contornos interactivos	1. Formación Básica 2. Optativa	1. Ciencias da Computación e Programación (1º curso) 2. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	24
Automatización e robótica industrial	1. Formación Básica 2. Obrigatoria 3. Optativa	1. Ciencias de la Computación y Programación (1º curso) 2. Tecnoloxías de Automatización e Robotización Empresarial (3º curso) 3. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	30
Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma	1. Formación Básica 2. Optativa	1. Ciencias da Computación e Programación (1º curso) 2. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	24
Desenvolvemento de aplicacións web	1. Formación Básica 2. Optativa	1. Ciencias da Computación e Programación (1º curso) 2. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	24
Mantemento electrónico	1. Optativa	1. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	18
Sistemas de telecomunicacións e informáticos	1. Optativa	1. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	18
Programación da produción en fabricación mecánica	1. Formación Básica 2. Obrigatoria 3. Optativa	1. Ciencias da Computación e Programación (1º curso) 2. Tecnoloxías de Automatización e Robotización Empresarial (3º curso) 3. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	30
Transporte e loxística	1. Obrigatoria 2. Optativa	1. Operacións, Loxística e Producción (2º curso) 2. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	24
Outros ciclos formativos	1. Optativa	1. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	18



FACULTADE DE CIENCIA, TECNOLOXÍA E XESTIÓN DA SAÚDE
Grao en Psicoloxía

Ciclos de grao superior	Tipo de materia	Materia e créditos recoñecidos	ECTS
Acondicionamento físico	1. Obrigatoria 2. Optativa	1. Psicoloxía das Organizacións e Talento - Organizational Psychology and Talent (3º curso) 2. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	24
Administración e finanzas	1. Obrigatoria 2. Optativa	1. Psicoloxía das Organizacións e Talento - Organizational Psychology and Talent (3º curso) 2. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	24
Animación sociocultural e turística	1. Formación Básica 2. Optativa	1. Psicoloxía Comunitaria (1º curso) 2. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	24
Asistencia á dirección	1. Obrigatoria 2. Optativa	1. Psicoloxía das Organizacións e Talento - Organizational Psychology and Talent (3º curso) 2. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	24
Axencias de viaxes e xestión de eventos	1. Obrigatoria 2. Optativa	1. Psicoloxía das Organizacións e Talento - Organizational Psychology and Talent (3º curso) 2. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	24
Comercio internacional	1. Obrigatoria 2. Obrigatoria 3. Optativa	1. Psicoloxía das Organizacións e Talento - Organizational Psychology and Talent (3º curso) 2. Dinámica da Sociedade Global - Global Society Dynamics (3º curso) 3. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	30
Dietética	1. Obrigatoria 2. Optativa	1. Psicoloxía das Organizacións e Talento - Organizational Psychology and Talent (3º curso) 2. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	24
Dirección de cociña	1. Obrigatoria 2. Optativa	1. Psicoloxía das Organizacións e Talento - Organizational Psychology and Talent (3º curso) 2. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	24
Dirección de servizos de restauración	1. Obrigatoria 2. Optativa	1. Psicoloxía das Organizacións e Talento - Organizational Psychology and Talent (3º curso) 2. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	24
Documentación e administración sanitarias	1. Obrigatoria 2. Optativa	1. Psicoloxía das Organizacións e Talento - Organizational Psychology and Talent (3º curso) 2. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	24
Educación infantil	1. Obrigatoria 2. Optativa	1. Psicoloxía da Infancia e Adolescencia (3º curso) 2. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	24



Ensinanza e animación sociodeportiva	1. Obrigatoria 2. Optativa	1. Psicoloxía das Organizacións e Talento - Organizational Psychology and Talent (3º curso) 2. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	24
Guía, información e asistencia turística	1. Obrigatoria 2. Optativa	1. Psicoloxía das Organizacións e Talento - Organizational Psychology and Talent (3º curso) 2. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	24
Integración social	1. Obrigatoria 2. Formación Básica 3. Optativa	1. Psicoloxía das Organizacións e Talento - Organizational Psychology and Talent (3º curso) 2. Psicoloxía Comunitaria (1º curso) 3. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	30
Mediación comunicativa	1. Obrigatoria 2. Optativa	1. Psicoloxía das Organizacións e Talento - Organizational Psychology and Talent (3º curso) 2. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	24
Prevención de riscos profesionais	1. Obrigatoria 2. Optativa	1. Saúde e Hixiene Mental - Health and Mental Hygiene (3º curso) 2. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	24
Xestión de aloxamentos turísticos	1. Obrigatoria 2. Optativa	1. Psicoloxía das Organizacións e Talento - Organizational Psychology and Talent (3º curso) 2. Módulo Libre Elección (18 ECTS)	24

